




Diseño gráfico: www.genetstudio.com

...e, ademais EXPOSICIÓNS

Do 23 de xaneiro ao 25 de febreiro
PEDRO TASENDE
A vida intensa
Andar -1 do Pazo da Cultura



O carballés Pedro Tasende, arquitecto, deseñador e creativo plástico multidisciplinar, amosa por vez primeira de xeito individual o seu traballo pictórico.

Baixo o título *A Vida Intensa* reúne unha selección variada de obras recentes coas que nos suxire que todo está exposto á montaña rusa sentimental, enriquecendo o proceso existencial dunha busca sempre inconformista.

Drama, expresión, inocencia, suxestión, misterio, ambigüidade son constantes que se repiten na súa obra: "Interésame o corpo humano como expresión do mundo interior. As nosas faces e corpos falan con honestidade e amosan sen censura os nosos sentimentos a quen quere velos". "Un debuxa como é. Non hai lugar onde agocharse. Atráeme a sensación de pintar para coñecerme e entender a vida".

O seu é un paisaxismo cos ollos pechados do mundo interior, unha figuración de personalidades que falan nas nosas consciencias.

Organiza: Concello de Carballo

Do 6 de marzo ao 6 de abril
JOSÉ NAVAS ARANDA
Cores: Síndrome de nagali
Andar -1 do Pazo da Cultura



No intento por recuperar ese punto primixenio onde o significado non importa tanto como as sensacións e os estímulos recibidos por medio das cores e dos contrastes é o que nesta mostra pictórica, José Navas Aranda, afonda na procura da sorpresa inicial, na realidade que se converte en inventada despois dun proceso de manipulación, e experimentación.


Unha volta á orixe, pervertendo a propia tecnoloxía que representa a lóxica. Escapar do azar e a frialdade fronte ao impulso. Tratar de desdubuxar a realidade para facela, con este proceso, máis comunicativa recobrando os efectos pictóricos sensíbeis.

As obras, silenciosas van adquirindo un estatus propio, independizándose da súa orixe e conformando unha dimensión onde o referente, a natureza na súa dimensión estética e simbólica, vai desaparecendo.

O artista plástico herculino José Navas, licenciado en Belas Artes e Master en Arte Contemporáneo, Investigación e Creación. Ten realizado mostras en España, Portugal e Reino Unido e foi distinguido con varios recoñecementos en Porto así como o Premio de Escultura Leonardo Martínez da Asoc. Española de Pintores e Escultores.

Organiza: Concello de Carballo

Do 7 ao 19 de marzo
FOTOXORNALISMO 2013
Varios autores/as
3º andar do Pazo da Cultura



Mostra composta por fotografías captadas no último ano na provincia da Coruña por recoñecidos profesionais do fotoxornalismo.

Mediante estas instantáneas, os 23 autores participantes achégannos a todos os campos da actualidade, repensando os acontecementos, persoaxes destacados e noticias do ano 2012 e parte do 2013. Con variadas técnicas e estéticas, os fotoxornalistas amosan que a realidade, depende do ollo de quen a interpreta e do dedo que preme no momento oportuno o disparador da cámara.

Organiza: Deputación da Coruña

Do 27 de marzo ao 30 de abril
XVI CERTAME FOTOGRÁFICO
XOSÉ MANUEL EIRÍS
Varios autores/as
3º andar do Pazo da Cultura



Selección fotográfica das obras presentadas á XVI edición do Certame Fotográfico Xosé Manuel Eirís. Con este concurso de carácter anual creado en 1997 o Concello de Carballo quere contribuir á creación artística e a fomentar a divulgación da fotografía.

A mostra está composta polas fotografías premiadas polo xurado e por unha escolma das presentadas a esta edición. As fotografías participantes son de tema libre, aínda que existe un premio especial para as que fagan referencia a Carballo.

Organiza: Concello de Carballo

Horario apertura exposicións:
de 17.00 h a 21.00 h, de luns a domingo

CICLO DE CINE FRANCÉS

8 febreiro, sábado
LES PETITS MOUCHOIRS
(Pequenas mentiras sen importancia)

de Guillaume Canet. 154 min (2010)

22 febreiro, sábado
RENOIR

de Gilles Bourdos. 112 min (2012)

8 marzo, sábado
LES FEMMES DU 6ÈME ÉTAGE
(As rapazas da sexta planta)

de Philippe Le Guay. 106 min (2010)

22 marzo, sábado
LES PROFS
(Os profesores)

de Pierre-François Martin Laval. 88 min (2013)

Versións orixinais con subtítulos en español

Organiza: Comité de Immanamento L'Isle Jourdain
Colabora: Concello de Carballo
Entrada libre

+ info

ENTRADAS

Debido á limitación do auditorio, se é necesaria a reserva previa, comunicárase coa antelación posible.

VENDA DE ENTRADAS: no despacho de billetes do Pazo da Cultura, unha hora e media antes do inicio da actuación.

RESERVA DE ENTRADAS: no teléfono 981 704 300, ou na Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), habitualmente dende 15 días antes da celebración dos espectáculos. Límite: 4 entradas por persoa.

DESCONTOS: Nalgúns espectáculos aplicáranse prezos reducidos a determinados colectivos que deberán acreditar debidamente a súa circunstancia especial: estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e menores de 12 anos.

BONOS

- Data de inicio de venda de bonos: 17 de xaneiro.
- Lugar e horario de venda de bonos: Oficinas da Concellaría de Cultura (Pazo da Cultura), de 11.00 a 14.00 h.

BONO VENRES (para os días 24 de xaneiro, 7, 14 e 21 de febreiro e 14 de marzo):

- Bono ordinario: 16€
- Bono especial con prezo reducido: 12€ (para estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e menores de 12 anos)

BONO EN FAMILIA (para os días 2 e 16 de febreiro e 16 e 30 de marzo):

- Bono ordinario: 9€
- Bono especial con prezo reducido: 6€ (para estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e menores de 12 anos)

Prégase puntualidade. Unha vez comezada a función non se garante o acceso á sala

Esta programación poderá sufrir algunha modificación (novos espectáculos, datas, entradas...) que se comunicará coa máxima antelación posible.

EXPOSICIÓN Do 23 de xaneiro ao 25 de febreiro A VIDA INTENSA	Teatro BV 24 Xaneiro / 21.00 h PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS	EN FAMILIA BF 2 Febreiro / 18.00 h CHRYSTYAN MAGIC	Teatro BV 7 Febreiro / 21.00 h VOADORA
Música BV 14 Febreiro / 21.00 h SONDESEU ORQUESTRA FOLK	EN FAMILIA Teatro BF 16 Febreiro / 18.00 h TALÍA TEATRO	Teatro BV 21 Febreiro / 21.00 h TEATRO DO ATLÁNTICO	EXPOSICIÓN Do 6 de marzo ao 6 de abril CORES: SÍNDROME DE NAGALI
EXPOSICIÓN Do 7 ao 19 de marzo FOTOXORNALISMO 2013	Teatro BV 14 Marzo / 21.00 h ABRAPALABRA CREAÇÕES ESCÉNICAS	EN FAMILIA Monicreques BF 16 Marzo / 18.00 h OS MONICREQUES DE KUKAS	Música 21 Marzo / 21.00 h ROCKARBALLO
EXPOSICIÓN Do 27 de marzo ao 30 de abril XVI CERTAME FOTOGRÁFICO XOSÉ MANUEL EIRÍS	Teatro 28 e 29 Marzo / 21.00 h AULA DE TEATRO MUNICIPAL DE CARBALLO	EN FAMILIA Monicreques BF 30 Marzo / 18.00 h EME 2 EMOCIÓN&ARTE	BV BONO VENRES BF BONO EN FAMILIA

Antes de entrar na sala deben desconectar os seus teléfonos móbiles. Co ánimo de reservar os dereitos dos/as artistas e de non perturbar ou bo desenvolvemento da función, non se permite fotografar, filmar ou gravar non interior da sala, salvo consulta previa.

Pazo da Cultura | Rúa do Pan s/n | 15100 Carballo | Tfno.: 981 704 300 | cultura@carballo.org | www.carballo.org

VENRES CULTURAIS PROGRAMACIÓN xaneiro-marzo 2014

